



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO 25 NOVEMBRO

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia cara ás Mulleres e as nenas, un ano máis queremos resaltar que a violencia contra as mulleres segue existindo, en todas as súas manifestacións; física, psicolóxica, sexual, simbólica, social, económica e en todos os ámbitos; familiar, na relación de parella ou exparella, no ámbito laboral, e tamén no ámbito social ou comunitario.

A violencia cara ás mulleres e as nenas e nenos, comprende calquera acto que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento ás mulleres polo feito de selo e lesione ou sexa susceptible de lesionar a súa dignidade, integridade ou liberdade, de calquera das formas e nos ámbitos mencionados.

É preciso recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo datos do propio Consello Xeral do Poder Xudicial hai un 80% de feitos delitivos que non se denuncian. Malia isto, o número de denuncias teñen experimentado un incremento e as persoas expertas da cadea xudicial e de atención alertan ademais dun incremento na súa brutalidade.

Así mesmo, a Fiscalía Xeral do Estado ten alertado nas súas recentes edicións da Memoria Anual sobre o aumento da violencia e os delitos de natureza sexual entre as persoas máis novas e relaciónao directamente coa preeminencia da pornografía nas redes sociais e como forma de educación e socialización sexual.

Galiza está dotada dun amplo marco legal que inclúe a violencia sexual como unha forma de violencia machista dende o ano 2007. Por iso é necesario que o Estado Español avance na definición da violencia machista que supere o enfoque patriarcal e reducionista que a limita ao ámbito familiar e da parella.

O Concello de Carballo seguirá loitando contra a violencia exercida contra as mulleres e as nenas, seguiremos traballando coas mozas e mozos, xa que a educación é o elemento fundamental para mudar a estrutura da sociedade patriarcal.

Continuaremos dedicando esforzos a traballar coas mulleres vítimas de violencia de machista e coas súas familias.

Porque queremos un Carballo libre de agresións machistas, porque queremos un Carballo con Agresións 0,0.

Por todo o anteriormente exposto:

O Pleno do Concello de Carballo manifesta en nome de toda a veciñanza o rexeitamento de calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres e as nenas.

O pleno do Concello de Carballo acorda a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Demandar da Xunta de Galiza a mellora da atención e prevención da violencia machista e, particularmente, da violencia sexual, adoptando as seguintes medidas:

1. Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.
2. Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).
3. Desenvolver un protocolo específico de atención á violencia sexual, con especial atención ao ámbito xudicial.

Demandar do goberno central as seguintes medidas para avanzar no recoñecemento da violencia sexual como violencia machista:

1. introdución no marco legal do concepto de consentimento para mellorar a tipificación e tratamento da violación e das agresións sexuais.
2. modificar a definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007.
3. desenvolver as actuacións legais de organización necesarias para que os delitos de violencia sexual sexan instruídos nos xulgados exclusivos de violencia machista.